



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 23 de decembro de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL DOS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO CAPACITA VI”. EXPTE. 18274/77.

Visto o informe de fiscalización do 20/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 1/12/2021, asinado pola técnica de xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión ordinaria do 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA VI”, mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego “VIGO CAPACITA VI”, conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 27 de decembro de 2019.

II. Dito acordo foi rectificado no punto primeiro, na sesión ordinaria do 1 de xullo de 2021 da Xunta de Goberno Local, por non estar recollido o importe de 30.000€ de incentivos a contratación, quedando redactado do seguinte xeito:

Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA VI”, mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 1 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A7AB54-B3AA8E-8F3127-WRAYEN-9GS1K6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, así como a cantidade concedida de 30.000 euros para incentivos á contratación laboral dos participantes no Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI".

III. O concelleiro de Cultura e Emprego o 2 de xuño de 2021 resolveu, logo do informe de necesidade da xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, iniciar o procedemento para a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI (expte 18274/77).

III. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021, aprobou as **Bases Reguladoras e Convocatoria dos INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO VIGO CAPACITA VI. EXPTE 18274/77.**

As ditas bases e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS se publicaron, respectivamente, no BOP núm. 159, do 19 de agosto de 2021 e BOP núm. 175, do 10 de setembro, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes durante o prazo dun mes, dende o día seguinte á súa publicación no BOP ata o 11/10/2021, resultando a presentación das dez (10) solicitudes seguintes:

ORDE	EXP.	Nº DOC.	DATA REXISTRO	NOME	CIF/NIF	Nº AXUDAS SOLICITADAS	ESPECIALIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN SOLICITADA
1	18682/77	210186903	13/09/21	LABULLABESA SL	B36971240	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCÍÑA	6.000,00 €
2	18683/77	210189347	16/09/21	NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA	B27881754	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
3	18686/77	210190439	20/09/21	KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA	B27874122	3	RESTAURACIÓN	4.500,00 €
4	18687/77	210190536	20/09/21	BEN FEITO 2014 SL	B27811330	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
5	18688/77	210190541	20/09/21	TRES ELEVADO A CERO, S.L.	B16778060	4	2.RESTAURACIÓN 2.COCÍÑA	6.000,00 €
6	18690/77	210190847	20/09/21	CIUDAD DE VIGO SL	B36613347	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
7	18696/77	210192610	22/09/21	MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA	B27851146	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCÍÑA	3.000,00 €
8	18703/77	210194573	24/09/21	SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL	3617*****	1	COCÍÑA	1.500,00 €
9	18717/77	210197217	29/09/21	LÓLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA	B01777945	1	COCÍÑA	1.500,00 €
10	18718/77	210198256	30/09/21	CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA	B27850510	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCÍÑA	3.000,00 €

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. CONCESIÓN DAS AXUDAS

As bases da convocatoria dos incentivos á contratación do alumnado-traballador do Obradoiro Vigo Capacita VI establecen, no seu artigo 4º, unha asignación orzamentaria por unha contía total de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 47000007 "Axudas á Contratación OE VIGO CAPACITA VI" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 2 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A7AB54-B3AA8E-8F3127-WRAYEN-9GS1K6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Segundo se indica nas bases da convocatoria, estas axudas teñen como beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, no ámbito da hostalería, e que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

Estas contratacións temporais, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa, incentivaranse cunha contía fixa de 1.500€ por cada traballador sendo o número máximo de incentivos a conceder de 20 en total (art. 3)

A teor das solicitudes recibidas, se constatou que o número de incentivos solicitados foi de **18** en total e a contía total das axudas solicitadas ascendeu a **27.000,00** euros.

Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas NON supera o orzamento previsto para tal fin e, dado que non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, de conformidade co artigo 10.1 das bases da convocatoria, a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos/as empregadores/as dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Unha vez comprobados os requisitos establecidos nas bases da convocatoria (art. 2) e a presentación da documentación requirida conforme ao disposto no artigo 10 das bases da convocatoria, procedeuse a ordenar a relación de beneficiarias, segundo a orde de entrada de cada solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Vigo:

ORDE	EXP.	Nº DOC.	DATA REXISTRO	NOME	CIF/NIF	Nº AXUDAS SOLICITADAS	ESPECIALIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN SOLICITADA	
1	18682/77	210186903	13/09/21	LABULLABESA SL	B36971240	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €	
2	18683/77	210189347	16/09/21	NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA	B27881754	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €	
3	18686/77	210190439	20/09/21	KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA	B27874122	3	RESTAURACIÓN	4.500,00 €	
4	18687/77	210190536	20/09/21	BEN FEITO 2014 SL	B27811330	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €	
5	18688/77	210190541	20/09/21	TRES ELEVADO A CERO, S.L.	B16778060	4	2.RESTAURACIÓN 2.COCIÑA	6.000,00 €	
6	18690/77	210190847	20/09/21	CIUDAD DE VIGO SL	B36613347	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €	
7	18696/77	210192610	22/09/21	MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA	B27851146	2	1. RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €	
8	18703/77	210194573	24/09/21	SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL	3617*****	1	COCIÑA	1.500,00 €	
9	18717/77	210197217	29/09/21	LOLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA	B01777945	1	COCIÑA	1.500,00 €	
10	18718/77	210198256	30/09/21	CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA	B27850510	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €	
						N.º TOTAL DE INCENTIVOS	18	CONTÍA TOTAL DAS AXUDAS SOLICITADAS	27.000,00 €

II. SOMETEMENTO AO RÉXIME DE AXUDA DE MINIMIS

Os incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 3 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A7AB54-B3AA8E-8F3127-WRAYEN-9GS1K6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE I352, do 24 de decembro de 2013)

III. OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

As beneficiarias das axudas quedan suxeitas ás obrigas establecidas no artigo 8 das bases da convocatoria, e, asemade, de conformidade co disposto no artigo 15.3 da *Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, a contratación laboral deberá ter unha **duración mínima de 3 meses a xornada completa**, debendo comezar con carácter xeral, nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego, cuxa finalización se produciu con data **29/09/2021**.

IV. PRAZO PARA XUSTIFICAR AS AXUDAS

Unha vez transcorridos 3 meses dende a data de formalización do/s contrato/s obxecto dos incentivos, as beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pago establecida no artigo 7 das bases da convocatoria, no prazo de **10 días hábiles** a contar dende o día seguinte á finalización do dito período de 3 meses.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

V. ÓRGANO COMPETENTE

A Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 e modificacións posteriores, aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada.

Por outra banda, o art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 4 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A7AB54-B3AA8E-8F3127-WRAYEN-9GS1K6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

En relación co anterior, e segundo ao disposto no apartado 1.3º da Resolución de Delegación de competencias da Alcaldía, á Xunta de Goberno Local, lle corresponden, entre outras atribucións, a aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás empresas/persoas empregadoras que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700007 denominada “Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI”, do vixente exercicio presupostario, por importe de **27.000,00 €** (vinte e sete mil euros), un total de **18** incentivos á contratación:

ORDE	EXP.	Nº DOC.	DATA REXISTRO	NOME	CIF/NIF	Nº INCENTIVOS CONCEDIDOS	ESPECIALIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
1	18682/77	210186903	13/09/21	LABULLABESA SL	B36971240	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €
2	18683/77	210189347	16/09/21	NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA	B27881754	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
3	18686/77	210190439	20/09/21	KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA	B27874122	3	RESTAURACIÓN	4.500,00 €
4	18687/77	210190536	20/09/21	BEN FEITO 2014 SL	B27811330	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
5	18688/77	210190541	20/09/21	TRES ELEVADO A CERO, S.L.	B16778060	4	2.RESTAURACIÓN 2.COCIÑA	6.000,00 €
6	18690/77	210190847	20/09/21	CIUDAD DE VIGO SL	B36613347	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
7	18696/77	210192610	22/09/21	MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA	B27851146	2	1. RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €
8	18703/77	210194573	24/09/21	SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL	3617*****	1	COCIÑA	1.500,00 €
9	18717/77	210197217	29/09/21	LOLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA	B01777945	1	COCIÑA	1.500,00 €
10	18718/77	210198256	30/09/21	CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA	B27850510	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €

SEGUNDO: ESTABLECER o sometemento dos incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Vigo Capacita VI, ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE I352, do 24 de decembro de 2013)

TERCEIRO: CONCEDER ás beneficiarias dos incentivos á contratación, un prazo de **10 días hábiles** para a xustificación das axudas conforme ao disposto no artigo 7 das bases da convocatoria. O prazo comezará a contar dende o día seguinte á finalización do período de 3 meses dende a data de formalización do/s contrato/s obxecto dos incentivos.

CUARTO: CONDICIONAR o pagamento das axudas ao cumprimento, polas beneficiarias, das obrigas establecidas no artigo 8 das bases da convocatoria, e no artigo 15.3 da *Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, segundo o cal a contratación laboral deberá ter unha **duración mínima de 3 meses a xornada completa**, debendo comezar con carácter xeral, nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego, cuxa finalización se produciu con data **29/09/2021**.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/07/2024 10:00

Páxina 5 de 6

SUBVENCIONS

CSV: A7AB54-B3AA8E-8F3127-WRAYEN-9GS1K6-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

QUINTO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 6 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A7AB54-B3AA8E-8F3127-WRAYEN-9GS1K6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		